



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **7 de xuño de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

9.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO ENTORNO DA IGREXA DE ZAMÁNS. EXPTE. 1762/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.06.13, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 31.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a EIRIÑA, S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de reparación e mantemento do entorno da Igrexa de Zamáns (expte. 1762-440) por un prezo total de 212.235,33 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 36.834,23 €, e o prazo total de garantía de 72 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dez de xuño do ano dous mil trece.



V. e. P.
O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez.